

ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA DE REFORMA DO MERCADO MUNICIPAL.

Na Casa Consistorial do Concello de Corcubión, ás 10:00 horas do día 18 de decembro, constitúese a MESA DE CONTRATACION para a adxudicación do obra de Reforma do Mercado Municipal, presidida por Manuela Fernández Louro, actuando como vocais, a Secretaria Interventora do Concello, Irene Suárez López e o arquitecto da Oficina de rehabilitación, Antonio Martínez Domínguez, actuando como Secretaria da mesa Carmen Trillo Mouzo, auxiliar administrativo do concello.

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 475/2017, do 8 de novembro, procedeuse á convocatoria para a contratación das obras de Reforma do mercado municipal, publicándose anuncio de licitación no Boletín Oficial da provincia da Coruña núm.215, do 13 de novembro, así como no Perfil do contratante do órgano de contratación.

Rematado o prazo de presentación de propostas, e segundo certificado que obra no expediente, constan as seguintes ofertas:

| | |
|-------------------------------|--------------------------------|
| Construcciones D. Ogando S.L. | N.R.E. 1.714 do 11 de decembro |
|-------------------------------|--------------------------------|

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 513/2017, do 13 de decembro, convócase á Mesa de Contratación para a apertura da Documentación Administrativa, SOBRE A, en sesión non pública e, se a Mesa acorda admitir ás empresas presentadas e non procede emitir requirimento aos efectos de emenda de documentos, proceder acto seguido, en sesión pública, o mesmo día, á celebración da Mesa de Contratación para a apertura do do SOBRE B, Referencias Técnicas. Criterios non avaliados de forma automática, conforme ao prego de cláusulas administrativas aprobado.

Comprobados os documentos achegados pola empresa presentada á licitación no SOBRE A, Documentación Administrativa, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, admitir á empresa presentada.

De seguido procédese á apertura do SOBRE B, Referencias técnicas, acordándose por unanimidade dos membros presentes, solicitar informe técnico, aos efectos de valoración das oferta presentada.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE

Manuela Fernández Louro

A SECRETARIA DA MESA

Carmen Trillo Mouzo

VOGAIS:

O ARQUITECTO

Antonio Martínez Domínguez

A SECRETARIA INTERVENTORA

Irene Suárez López